# COTIZACIÓNS MERCADO GANDO DO DÍA 30/01/2007

LONXA AGROPECUARIA DE GALICIA
Feira Internacional de Galicia
Silleda - Pontevedra
Tlfno 986-580050 / Fax 986-580162

| BECERROS RECRÍA | | TOTAL TRANSACCIÓNS | 259.253 |
|---|---|---|---|
| TOTAL ASISTENCIA | 936 | | |
| TOTAL ADXUDICADOS | 881 | | |

| RAZA FRISÓN | MACHOS | FEMIAS |
|---|---|---|
| BECERROS DE 0 A 20 DÍAS | 128 | 131 |
| BECERROS DE 21 A 50 DÍAS | 141 | 171 |
| BECERROS MÁIS DE 51 DÍAS | 172 | 243 |

| RAZA CRUCES INDUSTRIAL | MACHOS | FEMIAS |
|---|---|---|
| BECERROS DE 0 A 20 DÍAS | 399 | 288 |
| BECERROS DE 21 A 50 DÍAS | 418 | 326 |
| BECERROS MÁIS DE 51 DÍAS | 453 | 371 |

| RAZA RUBIA GALEGA | MACHOS | FEMIAS |
|---|---|---|
| BECERROS DE 0 A 25 DÍAS | 324 | * |
| BECERROS DE 26 A 50 DÍAS | 520 | 363 |
| BECERROS DE 51 A 120 DÍAS | 568 | 470 |

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

| VACUNO MAIOR | | TOTAL TRANSACCIÓNS | 234.541 |
|---|---|---|---|
| TOTAL ASISTENCIA | 388 | | |
| TOTAL ADXUDICADOS | 374 | | |

| CATEGORÍA | PRECIO SEMANAL |
|---|---|
| VACAS CATEGORÍA EXTRA E - U | 1.503 |
| VACAS CATEGORÍA PRIMEIRA R | 954 |
| VACAS CATEGORÍA SEGUNDA O | 535 |
| VACAS CATEGORÍA DESFEITO P | 251 |

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

| BECERROS CARNICEIROS | | TOTAL TRANSACCIÓNS | 43.985 |
|---|---|---|---|
| TOTAL ASISTENCIA | 61 | | |
| TOTAL ADXUDICADOS | 54 | | |

| PRECIOS KG/ VIVO | MACHOS | FEMIAS |
|---|---|---|
| RAZA FRISÓN | 1,95 | 1,58 |
| RAZA CRUCE INDUSTRIAL | 2,47 | 2,45 |
| RAZA RUBIA GALEGA | 2,60 | 2,53 |

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

LONXA AGROPECUARIA DE GALICIA

Semana 5

# MESAS DE PREZOS
# SEMANA DO 30/01/2007

## PORCINO CEBADO

| EURO./KG. VIVO S/G | EUROS KG. | DIF. |
|---|---|---|
| CARNICEIRO | 1,175 | +0,025 |
| SELECTO | 0,980 | +0,025 |
| NORMAL | 0,955 | +0,025 |
| CASTRADO | 1,315 | +0,025 |
| CANAL II | 1,240 | +0,032 |
| DESVELLE | 0,60/0,66 | +0,02 |

Primeira suba das cotizacións do cebo no que vai do presente ano 2007, ainda que as cotizacións do mes de xaneiro distan ainda das acadadas ao principio do ano pasado.

Pode falarse nas vindeiras semanas de previsións de crecemento nas cotizacións do cebado, axudado polas perspectivas de todos os mercados Europeos. Ainda así, existe unha constante xeral no mercado; ainda que as cotizacións suben en toda Europa (salvo no caso Francés que se manteñen), estes incrementos veñen motivadas en case toda a súa cuantía por un aumento das exportacións cara o Este. No caso dos mercados interiores, a demanda tanto das pezas como de porcos pode verse mermada, e o mercado Galego, está dando xa os primeiros síntomas desta merma na demanda.

En canto aos parámetros de mercado da presente semana, constátase que **os pesos subiron** (+200 g en canal), síntoma de que ainda existen moitos porcos e a demanda prevé un recurte das matanzas. Ainda así, as cotizacións deberían ir lixeiramente á alza nas vindeiras semanas. O pulso entre os matadoiros e a produción está garantido.

## BACORIÑOS

| BASE 20 KGS. | EUROS KG. | UNIDADE | DIF |
|---|---|---|---|
| SELECTO | 2,05 | 41,00 | +3,00 |
| NORMAL | 2,00 | 40,00 | +3,00 |

Importante e primeiro incremento das cotizacións dos Bacoriños no que vai de ano.

Nembargantes, a situación do mercado é anómala, e ainda que a demanda volve a ter espazo que encher, en Galiza, e á contra do que se comenta noutros mercados estatais, os leitóns chegan para manter a demanda existente. Porén a produción, xustifica as subas por tres motivos básicos; en primeiro lugar, as cotizacións á alza son xerais en todos os mercados europeos, onde a oferta non chega para cubrir a demanda; en segundo lugar, un incremento do prezo do cebado, pode xustificar un pequeno incremento nas cotizacións dos bacoriños; xa por último, e atendendo á unha variábel a medio prazo, os bacoriños que entren a partires dagora, van a ter a súa saida como cebo a finais de maio, principios de xuño, cando as cotizacións do cebado soen ser estacionalmente altas, movéndose xa aos níveis estivais. Polo lado dos cebadoiros, o incremento dos custos de produción frea dalgún xeito as inquietudes da produción de bacoriños.

## *OVOS*

| CLASE | EUROS BRANCOS | DIF. | MOUROS | DIF. |
|---|---|---|---|---|
| XL | 1,25 | 0,00 | 1,25 | 0,00 |
| L | 1,12 | 0,00 | 1,12 | 0,00 |
| M | 1,05 | 0,00 | 1,05 | 0,00 |
| S | 0,92 | 0,00 | 0,92 | 0,00 |

Consúmase outra repetición en todas as gramaxes dos ovos, polo que xaneiro remata co mesmo nível de cotizacións coa que comezou e xa van dez semanas consecutivas cuns níveis análogos nas cotizacións dos ovos, onde se constata unha oferta e demanda equilibradas.

Ao nível Europeo, a estabilidade é unha tónica xeral e xa se axustaron os prezos de principio de ano.

## *GALIÑAS DE DESVELLE*

| | *EUROS* KG. | DIF |
|---|---|---|
| SEMIPESADAS 2,100 A 2,200 KGS | 0,13/0,22 | 0,00 |

Repiten as cotizacións das galiñas de desvelle e o mercado presenta uns sinais parellos á semana pasada onde non aumenta a oferta de aves, pero parece ser que os matadoiros están a pagar prezos por debaixo da Lonxa, polo que poderían darse novos descensos nas vindeiras semanas.

## *COELLO*

| GRANXA EN VIVO | *EUROS* KG. | DIF |
|---|---|---|
| NOVO | 1,29 | 0,00 |

Manténense as cotizacións dos coellos ainda que a variábel estacional indica que deberían subir, e ao non constarse situacións anómalas no mercado, prevese que as cotizacións tendan a incrementarse nas vindeiras semanas e ate os meses de marzo-abril. A menor produción nestas datas xunto coa recuperación paulatina do consumo, así o indican.

**ASOC. FERIAL SEMANA VERDE DE GALICIA**
Recinto ferial, s/n
36540 Silleda - Pontevedra
Telf: 986 577000 Fax: 986 580162
www.aferial.com / www.agrolonxa.com / www.feiragalicia.com
semanaverde@feiragalicia.com